

6. DECRETO 185/1994, DO 16 DE XUÑO, SOBRE A UTILIZACIÓN DO IDIOMA GALEGO NOS PRODUCTOS E INFORMACIÓN Ó CONSUMIDOR E USUARIO EN GALICIA.

De acordo co que dispón o artigo 30.1.4 do Estatuto de autonomía de Galicia, correspónelle á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva en materia de comercio interior e defensa do consumidor e do usuario, sen prexuízo da política xeral de prezos e da lexislación sobre a defensa da competencia.

Por outra banda, o artigo 5 do Estatuto de autonomía imponles ós poderes públicos a obriga de garantiren o uso normal e oficial dos idiomas galego e castelán.

Así mesmo, o artigo 25 da Lei 3/1983, do 15 do xuño, de normalización lingüística, sinala que os poderes públicos galegos fomentarán a normalización do uso do galego nas actividades mercantís e publicitarias.

O Estatuto Galego do Consumidor e Usuario, aprobado pola Lei 12/1984, do 28 de decembro, recoñece os diferentes dereitos do consumidor e do usuario.

O primeiro paso para que os devanditos dereitos teñan virtualidade práctica consiste en que a propia Administración adopte as medidas necesarias co fin de que o consumidor teña coñecemento dos seus dereitos.

Desde esta perspectiva, no capítulo III do título II do Estatuto Galego do Consumidor e Usuario, regúlase nos seus artigos 23 e 24 o derecho dos consumidores a unha axeitada información e educación en materia de consumo mediante a promoción e apoio polo Goberno galego da creación de oficinas e servicios de información ó consumidor e usuario, xa sexan de titularidade pública ou privada; así como o emprego do idioma galego no etiquetado e publicidade dos bens, servicios e productos que se ofrecen no mercado co fin de garanti-lo derecho dos consumidores e usuarios a unha correcta información sobre eles.

Razóns de índole práctica aconsellan unifica-lo Decreto 101/1985, do 23 de maio, polo que se regula a utilización do idioma galego no etiquetado e publicidade dos productos que se comercializan en Galicia, e mailo Decreto 112/1985, do 23 de maio, polo que se regulan as oficinas de información e orientación ó consumidor e usuario, modificando, ó tempo, levemente o contido dalgún dos seus preceptos, para seguir así coa liña de actuacións que está a realiza-la Xunta de Galicia sobre racionalización e reforma administrativa, acorde co espírito de modernización da Administración pública galega.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Industria e Comercio, logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día dezaseis de xuño de mil novecentos noventa e catro,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

ETIQUETADO E PUBLICIDADE DOS PRODUCTOS

ARTIGO 1

Os datos obligatorios de conformidade coas disposicións vixentes e aqueloutros que se consignen de modo facultativo, que figuren no etiquetado dos envases ou na rotulación das embalaxes dos productos que se comercialicen no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, poderanse expresar nos idiomas galego ou castelán, ou ben námbolos dous idiomas.

ARTIGO 2

Cando no etiquetado ou rotulación dun producto figuren textos námbolos dous idiomas, deberanse utilizar nestes letras do mesmo tamaño e caracteres.

ARTIGO 3

Co fin de fomenta-la utilización do idioma galego nas actividades mercantís, a Consellería de Industria e Comercio outorgará, coas condicións que se determinen regulamentariamente:

- a) Subvencións ás empresas que utilicen o idioma galego no etiquetado dos seus produtos que vaian comercializarse no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Premios e mencións honoríficas ás empresas que se distingan de modo especial no emprego do galego no etiquetado e rotulación dos seus productos, tanto pola orixinalidade e estética do deseño como pola difusión de ideas ou valores propios de Galicia.

- c) Premios e mencións honoríficas ás empresas que na publicidade dos seus produtos ou servicios, realizada empregando o idioma galego, reflectan os mesmos valores sinalados no apartado anterior.

CAPÍTULO II

INFORMACIÓN E ORIENTACIÓN Ó CONSUMIDOR E USUARIO

ARTIGO 4

De conformidade co previsto no artigo 24 do Estatuto Galego do Consumidor e do Usuario, a Consellería de Industria e Comercio prestara-lles colaboración e asistencia técnica ás oficinas e servicios de información ó consumidor que dependan dos concellos ou se constitúan por unha organización ou asociación de consumidores.

Así mesmo, tanto os concellos como as organizacións de consumidores poderanxe acoller, dentro das condicións que regulamentariamente se determinen, ás axudas e subvencións que convoque a Consellería de Industria e Comercio para a creación ou mantemento das oficinas ou servicios de información ó consumidor e usuario.

ARTIGO 5

1. As oficinas e servicios de información ó consumidor deberán contar cos medios materiais e persoais necesarios para a recepción de denuncias ou reclamacións, a axeitada asistencia xurídica e técnica e atención á problemática presentada ós consumidores e usuarios referente ós productos, bens ou servicios que se ofrecen no mercado.
2. As axudas para a creación das oficinas de información ó consumidor

outorgaranse atendendo especialmente ó criterio de densidade demográfica da área de actuación das oficinas, e ó alto grao de poboación fluctuante.

ARTIGO 6

As oficinas e servicios de información ó consumidor, co fin de conseguiren un aproveitamento óptimo da asistencia técnica e axuda económica prestadas pola Consellería de Industria e Comercio, deberán colaborar con esta na realización das seguintes funcións:

- a) Información e orientación ó consumidor e usuario para o adecuado exercicio dos seus dereitos.
- b) Divulgación de publicacións, libros, revistas e información sobre disposicións legais de especial incidencia na área de consumo.
- c) Informa-los consumidores e usuarios sobre os datos referentes ó rexistro e autorización de produtos ou servicios, así como dos que se atopan suspendidos, retirados ou prohibidos polo seu risco ou perigosidade; sancións firmes por infraccións contra os dereitos dos consumidores e usuarios e sobre prezos e condicións para a conservación, comercialización e venda dos diversos bens e productos existentes no mercado, igual que aqueles legalmente esixidos para a prestación de servicios.
- d) Recepción das reclamacións que lles formulen os consumidores ou usuarios e a súa xestión ou remisión ás entidades ou organismos competentes na materia.
- e) Elevar, a petición das partes interesadas, solicitude de arbitraxe ante a Comisión Executiva de Consumo correspondente, xuntándolle á citada solicitude información completa detallada referente á reclamación presentada.

- f) Programación de cursos, reunións e ciclos de formación destinados á educación dos consumidores e á súa correcta información.
- g) Colaborar con aqueles organismos, entidades ou organizacións que no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia teñan competencias ou leven a cabo actuacións en defensa dos consumidores e usuarios, así como facilitaralles a estes os datos relativos a aqueles organismos ou organizacións.
- h) Realizacións de estudios, ensaios comparativos e controis de calidade, para os que poderán contar coa colaboración doutras entidades públicas ou privadas.
- i) En xeral, a atención, defensa e protección dos consumidores e usuarios conforme o establecido no Estatuto Galego do Consumidor e do Usuario e disposicións que o desenvolvran.

ARTIGO 7

As oficinas e servicios de información ó consumidor poderán facilita-los resultados dos estudios, ensaios, análises ou controis de calidade realizados en centros públicos ou privados oficialmente recoñecidos.

Non obstante, cando estes resultados sexan desfavorables non poderán ser remitidos ós medios de comunicación social para a súa difusión pública sen que con carácter previo se dese traslado deles ás entidades productoras ou comercializadoras de bens ou prestadoras de servicios, co fin de que no prazo conferido para o efecto formulen as oportunas alegacións e leven a cabo os estudios técnicos precisos para comproba-la exactitude dos resultados que se lles presentaron.

Non se requirirá a comunicación ó interesado ou interesados cando os resultados que se pretenden dar a coñecer se refiran a bens, productos ou ser-

vicios que se atopan suspendidos, retirados ou prohibidos expresamente polo seu risco ou perigosidade para a saúde ou seguridade das persoas; se recaeunha sanción firme por infracción administrativa relacionada cos dereitos dos consumidores e usuarios, ou se os resultados foron proporcionados por organismos públicos que dispoñan de competencias en materias de consumo.

A Consellería de Industria e Comercio, a través da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, ademais de prestar apoio técnico e económico ás oficinas de información ó consumidor, terá que recibir información das actividades das diferentes oficinas situadas no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia; para este fin, cada unha destas oficinas enviará a aquela un parte trimestral no que facilitará información acerca do seu funcionamento, actuacións e resultados.

Disposición derogatoria

Á entrada en vigor deste decreto quedan expresamente derogados o Decreto 101/1985, do 23 de maio, polo que se regula a utilización do idioma galego no etiquetado e publicidade dos productos que se comercializan en Galicia, e mailo Decreto 112/1985, do 23 de maio, polo que se regulan as oficinas de información e orientación ó consumidor e usuario.

Disposicións derradeiras

Primeira. - Facúltase o conselleiro de Industria e Comercio para dictar las disposicións precisas para o desenvolvemento deste decreto.

Segunda. - Este decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, dezaseis de xuño de mil novecentos noventa e catro.

